

MEMORIA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN da USC 2014

1. Publicacións:

BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN: é una colección a estas alturas consolidada (9 títulos, un deles dobre, entre 2007 e 2014), con unha magnífica recepción crítica e tamén con proxección internacional.

1.1. Desde o último trimestre de 2014 está no prelo a monografía asinada polo prof. da USC, Anxo Abuín González, anunciada desde hai tempo como unha das publicacións comprometidas coa devandita biblioteca. Agora vai editarse cun leve cambio de título, máis sintético e expresivo que o primeiro, *La palabra en los ojos: el silencio en el teatro de Valle-Inclán*, do que fixemos un pagamento parcial á imprenta universitaria (2.000 euros).

Por outra parte, non se pode esquecer que temos un compromiso por Convenio asinado cos Herdeiros Valle-Inclán/Alsina, que implica a publicación do fondo manuscrito contido no Legado Valle-Inclán/Alsina en formato facsimilar, obxectivo prioritario da

Cátedra. Como arriba adiantaba, poden desaparecer temporalmente outras actividades, pero non se pode renunciar ás edicións facsímiles, polo que é imprescindible preservar os benefícos que xera a venda de libros da colección propia, mantendo a súa incorporación ao orzamento do 2015, para xestionar a edición en curso e os compromisos posteriores.

Neste senso, fíxose entrega á imprenta universitaria da edición do inédito *Cuaderno de Francia*, e aboáronse parcialmente os custos da mesma, concretamente os relativos ao facsímil e o maquetado deste pequeno caderno, que é unha sorte de diario rigorosamente inédito, descrito na pasada memoria, que recolle as anotacións feitas polo escritor noa fronte de guerra francesa, durante a súa estadía en Francia como corresponsal do xornal *El Imparcial* na I Guerra Mundial. O lector terá na súa man unha reprodución idéntica do caderno que levaba consigo Valle-Inclán.

Non obstante debo advertir do atraso no plano editorial, derivado da execución dun proxecto que no mes de maio de 2014 me levou a percorrer, pola miña conta, os itinerarios feitos polo escritor, a partir dos mapas resultantes do devandito caderno de bitácora, coa colaboración de sendeiristas franceses, que trazaron *ex profeso* os itinerarios conservados da liña de trincheiras dos Vosgos (vgr. Hartmannswillerkopf)

e localidades da zona; ademais da visita a museos ou centros que gardan abundosa documentación gráfica e textual sobre a Gran Guerra. Para facer os reaxustes derivados dese coñecemento *in situ* retirei a edición do *Cuaderno* do prelo, de xeito que contén agora un estudo introdutorio ampliado (máis de 100 páxinas), unha edición diplomática e unha transcripción orientada a un público lector non académico. Estes cambios implicaron un atraso no plan editorial inicial, de xeito que o libro sairá do prelo na colección dos facsímiles da devandita colección no marco dos actos conmemorativos do centenario da I Guerra Mundial (1914-1918) e coincidirá practicamente co centenario da estadía de Valle en Francia.

En relación coa **difusión** da nosa colección, é salientable a acollida que as publicacións da *BIBLIOTECA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN* seguen a ter, plasmada nas recensións críticas dos seus libros e nos premios obtidos. A reseña do último volume, *Valle-Inclán y las artes*, está asinada por Juan Aguilera Sastre *Anales de la Literatura Española Contemporánea / Anuario Valle-Inclán*, 39.3, 2014, pp. 254-258).

1.2. Anuario Valle-Inclán: complementariamente no ámbito editorial, debo citar o vol. XIII do *ANUARIO VALLE-INCLÁN/ ALEC*, 39.3 2014 (267 pp), editado pola Society of Spanish and Spanish-American Studies,) que ten unha tirada de 1000 exemplares e está indexada en *Arts and Humanities Citation Index (A)*; *MLA. International Bibliography*; *SCOPUS (A)* e en todas as bases *SCI* e *SSCI*. Este vol. XIII contou coa contribución de catro artigos -dous deles sobre manuscritos do Legado- e unha reseña crítica realizados por integrantes do GIVIUS, adscrito a CÁTEDRA, que figura expresamente como colaborador da revista, codirixida por Luis González del Valle -o seu fundador e General Editor-, e Santos Zas desde 2001.

2. Fondo manuscrito Valle-Inclán:

Lembremos que ao Legado Valle-Inclán / Alsina, que contén todo o fondo manuscrito do escritor depositado na USC, hoxe íntegramente dixitalizado (14.642 imáxenes), engadiuse no 2010 un pequeno arquivo de cartas e poemas orixinais e inéditos, mercado con cargo a outros fondos e hoxe na USC; e finalmente, no 2013 ampliouse novamente este fondo, que fai da USC un referente internacional, cunha nova aportación: o orixinal do conto “Mi Bisabuelo”, que por vontade do seu propietario, Don Jorge Devoto del Valle-Inclán, neto do escritor, pasou a

incorporarse no fondo existente, coa particularidade de que, segundo os termos do Convenio asinado coa mediación da Cátedra Valle-Inclán, pasará a ser propiedade da nosa universidade ao pasamento do seu propietario.

No 2014 fíxose o deseño dun arquivo dixital para manuscritos, a fin de indexar e catalogar todo o fondo citado, de cuxa xestión académica é responsable a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, tarefa que nese ano levouse a cabo grazas a un contrato por Obra ou Servizo con cargo a un proxecto de investigación do que é beneficiario o GIVIUS (ata o 31 de decembro de 2014 contamos cun Proxecto MEC e financiamento para GPC da Xunta de Galicia). De xeito que non supuxo custo algún para a CÁTEDRA, aínda que son tarefas que noutras circunstancias tería parcialmente asumido. O propósito final é a súa integración no Arquivo Dixital Grupo Valle-Inclán USC, deseñado e implementado por informáticos do Laboratorio de Bases de datos da UDC, unha ferramenta de traballo idónea para nós (de momento de uso interno), ao incorporar o noso inxente fondo documental (actualmente conta con 80.000 imaxes dixitais), que aspira a poñerse en aberto e converterse nun referente público dos arquivos de autor.

3.- Seminario Permanente da Cátedra Valle-Inclán:

Coa ollada posta en manter vivo este seminario, no ano 2013 intentamos retomar, despois de dous anos baleiros, esta iniciativa de carácter formativo para o GIVIUS, aproveitando unha circunstancia favorable (ver a memoria precedente). No 2014 cunha estratexia similar, anunciamos dúas propostas de impartición de seminarios, resultantes das colaboracións que se estableceron coas universidades de Berna e Perugia, respectivamente. Refírome a visita á nosa universidade das prof^{as} Bénédicte Vauthier e Dianella Gambini, grazas a proxectos de investigación sobre Valle-Inclán, que implicaron estadias en Santiago, que vinculamos á CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, mediante acordos puntuais. Aínda que resultaba impensable seguir sufragando, como era habitual, os gastos das invitadas relativos a desprazamento, estadia en Santiago e impartición dos respectivos seminarios, brindárose as dúas a impartilos co mínimo custo para a CÁTEDRA.

1.- No caso da profesora Dianella Gambini, Catedrática di Traduzione - Lingua Spagnola della Università per Stranieri di Perugia, impartiu un Seminario de 4 horas, titulado “Valle-Inclán e Italia: últimas aportaciones investigadoras” (21 de

febreiro de 2014) (ver Doc 1 no dossier adxunto). Os únicos gastos asociados á súa estadía en Santiago con cargo ao orzamento da Cátedra, foron os derivados de dúas invitacións de cortesía (20 e 21 de febreiro, total 166,15) e, coa oportuna consulta e permiso, a adquisición dun agasallo (un pequeno maletín de traballo: 168,60 euros/Unitenda). Por outra parte, o proxecto da profª Gambini supuxo a estadía de 8 meses en Italia de Sandra Domínguez, integrante do GIVIUS, como colaboradora da investigación, pescuda que deu orixen á publicación dun artigo conxunto no *Anuario Valle-Inclán*, 39.3. 2014 (“La première de *Le corna di don Friolera* en Roma (1934): Nuevos documentos”, 125-159) e, asemade, ao acordo de editar unha monografía na colección da *Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán* (ver no seu apartado as previsións para o 2015).

2.- No caso da profª Bénédicte Vauthier (catedrática de Literatura española / Institut für Spanische Sprache und Literatur/Universität Bern), especialista en estudo e edición de manuscritos literarios contemporáneos, solicitou, en colaboración con Santos Zas a finais de 2013, un Proxecto de Investigación ao SNF (Swisse National Science Foundation), que lle foi concedido para a súa execución no 2014. Para o desenvolvemento do proxecto sobre Valle-Inclán era imprescindible o fondo documental e bibliográfico do GIVIUS, o que xustifica a súa estadía en Santiago en dúas fases (febreiro e xuño de 2014). Na segunda, Vauthier impartiu un seminario de 4 horas no marco de Seminario Permanente da Cátedra, titulado “¿Qué e como editar? ¿Papel? ¿Digital?” (20 de xuño)

(Doc 2 no dossier) para os integrantes do GIVIUS, aínda que aberto ao público, no que exemplificou as súas teses coa obra de Valle-Inclán.

Reciprocamente, a directora da Cátedra Valle-Inclán foi invitada no mes de maio a impartir na Universidade de Berna un seminario de tres horas e unha conferencia (Docs. 3 e 4 do dossier), financiadas pola universidade e a Embaixada de España (Doc. 5), que tamén asistiu. Na convocatoria do acto figura o logo da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, ao igual que na publicidade. A segunda estadía da profª Santos en Berna (decembro 2014) tivo lugar no marco dun coloquio internacional, que baixo o título de “Asedios. Ver, contar la guerra 1914, 1936, 1992...” (ver programa en dossier adxunto, Docs 6 e 7), do que é salientable o seu carácter interdisciplinar (fotógrafo de guerra, novelista, debuxante- ilustrador, diplomáticos e profesores). Na publicidade do acto, tanto en soporte papel como dixital figura igualmente o logo da Cátedra Valle-Inclán, como colaboradora da organización,

aínda que non supuxo custo algún para nós. Tanto o portal Punto Latino da Universidade de Berna, como o xornal Mundo Hispánico resumiron o coloquio con amplitude para lectores hipanofalantes (ver doc 8-10)

En definitiva, o establecemento de contacto con outras Universidades europeas, abre novas portas para a Cátedra e proporciona aos profesores visitantes a posibilidade de traballar *in situ* cos nosos fondos, propiciando tamén actividades de formación para os integrantes da Cátedra, reciprocidade que está a dar os mellores froitos, de cara á súa internacionalización, tanto no terreo da difusión das súas actividades e resultados como da formación dos seus integrantes.

4.- Portal da “Cátedra Valle-Inclán” na Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (BVMC) e novas plataformas de difusión:

Continúa recibindo consultas de investigadores e visitas o Portal Institucional "Cátedra Valle-Inclán" (<http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclin/>), e segue a ser un medio de difusión do nosos fondos bibliográficos e iconográficos descritos na Memoria correspondente ao ano de inauguración do portal (2009).

Nesta mesma liña inscríbese o balance do traballo levado a cabo polo GIVIUS respecto dos manuscritos, a transcendencia que estes acadan, non só para o coñecemento da obra do escritor, senon para a USC como a súa depositaria. Neste sentido ver no dossier o artigo de Santos Zas publicado no Repositorio Internacional da USC/Minerva (Docs. 11 e 12).

5.- Colaboración con institucións ou organismos galegos:

O 7 de xullo de 2014 asinouse un Convenio de colaboración co Consello da Cultura Galega para a cesión de materiais documentais e bibliográficos valleinclanianos, que están dixitalizados no Arquivo Dixital do GIVIUS para a exposición internacional “Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)”. Cedéronse para a exposición 116 documentos (cartas, materiais de prensa e obras de Valle-Inclán traducidas antes de 1936 ao francés, inglés, búlgaro, checo, holandés, húngaro, islandés, italiano, portugués, ruso e sueco).

A exposición, que leva o logo da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, inaugurouse en Fonseca o 8 de xullo de 2014, coa intervención do Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, o Presidente do Consello da Cultura Galega, a Vicerreitora de Estudantes e a comisaria da exposición, Rosario Mascato, integrante do GIVIUS.

Un catálogo testemuña os fondos documentais e gráficos expostos e recolle, ademais das intervencións institucionais, catro traballos académicos, asinados polos mesmos catro profesores que participaron nun ciclo de conferencias previo á inauguración da exposición (Dru Dougherty -Berkeley University, Serrano Alosno, Santos Zas e Mascato Rey). Este ciclo foi inaugurado polo Reitor da USC, o Presidente e a Vicepresidenta do Consello da Cultura Galega e Rosario Mascato, integrante do GIVIUS e responsable académica do ciclo (Docs. 13-20 do dossier).

A **Cátedra** segue a colaborar con outras entidades adicadas á figura e obra de Valle-Inclán, tal como o Museo de A Pobra do Caramiñal, a Asociación de Amigos de Valle-Inclán e a Fundación Valle-Inclán, estas dúas últimas, responsables da edición da Revista *Cuadrante*, na que membros da **Cátedra** forman parte do consello de redacción da revista arousana, coa que veñen colaborando desde a súa creación.

6.- Outros datos complementarios:

Na páxina Web da Cátedra Valle-Inclán

<http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/catedras/valle-inclan/index.html>,

actualizada semestralmente por Francisca Martínez, que desempeña as funcións de Secretaria Técnica da mesma, pode atoparse información completa dos integrantes (nómina e curricula) do GIVIUS, que colaboran e participan nas actividades xeradas pola Cátedra Valle-Inclán desde os seus inicios, dacordo con Convenio de creación da mesma. Na devandita páxina están expostos os obxectivos, actividades realizadas, publicacións colectivas, fondo documental e bibliográfico e proxectos da Cátedra Valle-Inclán da USC, que son complementarios e economicamente diferenciados dos realizados polo Grupo de Investigación Valle-Inclán (GIVIUS)

PROXECTOS E ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O ANO 2015

As previsións para a 2015 son:

- 1.- **Biblioteca da Cátedra Valle-Inclán:** no 2015 sairán do prelo os dous

volumes previstos, de xeito que non son renunciábeis os custos asignados a estas publicacións.

Pero pensando no 2016/17 temos o proxecto de presentar as 3-4 edicións facsimilares de manuscritos inéditos do Legado Valle-Inclán/Alsina, en preparación (un mostrario de contos, dúas pezas dramáticas breves inéditas e *La Media Noche. Visión estelar de un momento de guerra*), a elas sumamos a edición da súa *Obra Completa*, encargada a Santos Zas e o GIVIUS pola editorial Castro, e unha selección das obras do escritor encargadas por Alianza Editorial, que se publicarán escalonadamente a partir da primeira semana de 2017. Finalmente, aspiramos a conseguir a montaxe dunha peza teatral inédita do Legado Valle-Inclán. De cara tamén a ese horizonte do 2016:

1.1. A nosa intención é a promoción da colección, xa tentada mais dunha vez, que non se puido levar a termo. Dada a venda dos libros desta Biblioteca, as recensións moi eloxiosas publicadas en revistas especializadas e as solicitudes frecuentes que se nos fan por correo electrónico, planificamos pór en marcha un sistema de subscripción á colección da **Cátedra**. Avaliou esta proposta na dirección do noso Servizo de Publicacións, que considera a súa viabilidade e oportunidade, tendo en conta que a nosa colección estímase consolidada, está a ser considerada non só de referencia nos estudos valleinclanianos, senón que desde o punto de vista editorial - ademais de cualificarse como unha colección modélica- é unha das máis rendibles coas que conta o noso Servizo de Publicacións, segundo a súa propia información.

1.2. Publicacións previstas:

◆ Están comprometidos co noso Servizo de Publicacións os seguintes orixinais, que con toda probabilidade quedarán relegados a 2016:

-Diana Gambini e Sandra Domínguez Carreiro: *La recepción crítica de Valle- Inclán en Italia*. vol. I: *Valle-Inclán y Bragaglia*.

-Bénédicte Vauthier e Margarita Santos Zas: *La Media Noche. Visión estelar de un momento de guerra. Dossier genético*. Parcialmente subvencionado por un proxecto de investigación do Fondo Nacional Suízo.

2.-Seminario Permanente: en principio temos a previsión dun seminario impartido pola prof^a Elizabeth Drumm (Profesora Titular do Spanish Department.

Reed College of Portland-Oregon), aproveitando a súa estadía en Santiago para traballar co GIVIUS e cos fondos bibliográficos e documentais dos que dispoñemos. Incorporarase no mes de outubro de 2015, no marco dunha licenza sabática financiada pola súa universidade, e impartirá un seminario sobre o tema de investigación que proxecta desenvolver na nosa universidade, na que vai permanecer un trimestre. Antes, en xullo de 2015, volverá a Santiago a prof^a Bénédicte Vauthier para enfrontar un proxecto editorial con Santos Zas, e estamos a valorar a oportunidade dun seminario sobre a edición de epistolarios de escritores, pois estamos a preparar o de Valle-Inclán.

4.- Outras actividades programadas:

4.1. Edición do vol. XIV do *Anuario Valle-Inclán/ ALEC*, que non conleva nen sequera gastos de correo postal e que con motivo do 40 aniversario da súa creación, será unha homenaxe ao seu fundador e impulsor, Luis González del Valle (Temple University).

4.2. Continuar as colaboracións cos organismos e institucións habituais e todas aquelas que estimemos de interese para os nosos fins, que, á luz do exposto, resultan colaboracións moi fecundas e con óptimos resultados.

En suma, a **Cátedra** non pode conformarse con menos do que fixo ata agora. Non pretendo ignorar a nosa realidade, pero debo engadir que se é grave a redución ano a ano dos orzamentos destinados *Cátedra*, cando esta fixo nada menos que a xestión para conseguir o depósito na USC do Legado manuscrito dun dos autores mais importantes do século XX, cando todas as súas publicacións, premiadas en tres casos, presentadas en público, ou as exposicións que organizou nestes anos, tiveron sempre unha importante repercusión mediática, de xeito que actúan tamén como un "escaparate" da actividade cultural da USC, con apenas custo para a mesma, cando a Cátedra proxecta as súas actividades máis aló do noso ámbito para acadar proxección internacional, cando traballamos moito por conseguilo, non contemplar o asentamento das actividades fixas, a creación doutras novas e a proxección de todas elas, é mais grave.

Para rematar este informe, lembro con todo respecto ao Sr. Vicerreitor, que non é esta unha ocasión máis -que como parte dun ritual se repite ano tras ano-, para

pedirlle unha sede digna e estable para a **Cátedra Valle-Inclán**, cuxa existencia todo o mundo, dado o volume de actividades que xera, dá por suposto. As xestións feitas neste sentido na Facultade de Filoloxía, malia a reiterada boa vontade da actual Decana, non obtiveron resultado, sendo o Campus Norte e a Facultade propiamente dita a sede natural da Cátedra, pois é onde está a Biblioteca e os fondos documentais cos que traballamos. É ademais o sitio idóneo e lóxico para a celebración do Seminario permanente e o lugar onde preparamos o *Anuario Valle-Inclán*, que está vinculado de forma explícita ao noso Grupo. A ausencia dun lugar propio, desde onde xestionar e canalizar as actividades da **Cátedra** segue a ser o despacho da profesora Santos Zas na Facultade de Filoloxía, e unha sala do Departamento de Literatura Española, que compartimos 5 grupos de investigación (10 persoas). A falta de espazo, pois, na devandita Facultade e súa supeditación á futura ampliación da mesma, fai que a sede da **Cátedra** continúe a ser unha materia pendente.

Quixera subliñar, para rematar, que o legado orixinal e manuscrito do escritor, xestión que desde os seus inicios levou a Directora da Cátedra, que, por suposto, non aspira a ter máis compensación que a de ter conseguido un obxectivo soñado por calquera investigador, supón unha aportación importante ao patrimonio da USC, pois non existe un legado de semellantes características e valor académico e económico, e teño que dicir con tristura e certo estupor, que nada disto tivo o reflexo agardado nas reiteradas peticións da **Cátedra**, que multiplicou esforzos para acadar os seus proxectos, nen por suposto nos informes anuais, que en cada nova apertura de curso se len publicamente, nos que a **Cátedra** non mereceu nen unha sinxela mención en todos estes anos.

En Santiago, 19 de marzo de 2015



Asdo: Margarita Santos Zas

Directora da Cátedra Valle-Inclán da USC